


SAIÁNS

ÁREA ETNOARQUEOLÓXICA



Saiáns é unha pequena parroquia costeira, de 1,82 quilómetros cadrados no extremo sur-occidental do concello, que linda con Nigrán polo sur e coa parroquia de Oia polo norte. Conta, segundo o último censo, con 3.814 habitantes. Aínda que con cotas non tan altas coma as outras dúas parroquias, o dominio visual sobre o sur da ría dende o monte do Castro de Estea, duns 170 m de altura, e dende o monte de Cabezo de Saiáns, 395 m é completo.

A pesar de ser unha das máis pequenas de todo o concello, posúe unha grande diversidade xeográfica pois o seu territorio configúrase nun estreito plano inclinado que vai desde os montes de Maúxo até a franxa costeira. O que fai que teña tamén unha grande variedade de elementos etnoarqueolóxicos adaptados a esa diversidade: muíños de río nos regatos en forte pendente, petróglifos nas terras altas de monte, ou un castro nas proximidades do val.

ROTEIRO ETNOARQUEOLÓXICO DE ESTEA-CAL DE OUTEIRO

Neste percorrido atoparemos exemplos de todo tipo da riqueza patrimonial dos montes de Saiáns: desde asentamentos prehistóricos ao aire libre e antigos castros até minas de auga ou muíños de río do século XIX.



OS MUÍÑOS DE RÍO

Os muíños hidráulicos supuxeron a substitución da mera forza bruta do home pola forza motriz da auga como fonte de enerxía para a produción de fariña. É dicir, foron un elemento indispensable para a elaboración do alimento máis básico das sociedades campesiñas tradicionais: o **pan**.

Aínda que estes foran xa inventados durante a Antigüidade Clásica, en Galicia non temos noticias deles até o século XI, quizais porque esta non era unha rexión do Imperio Romano que destacase pola súa produción de cereal.

Non será até os tempos medievais de autarquía económica que o campesiñado galego mobilice no seu favor este antigo invento, acadando gran difusión en época moderna e contemporánea co éxito nos nosos campos do millo, orixinario de América.

Proliferaron este tipo de muíños grazas á cantidade de ríos e regatos que ofrece a peculiar xeografía galega, chegando a ser de feito unha das mostras de arquitectura popular que máis abundan e caracterizan a nosa paisaxe rural.

No roteiro atópanse dous interesantes conxuntos de muíños alimentados por presa: os de Cal de Outeiro e os de Estea, formados os dous por catro elementos. Os nomes que reciben os muíños relaciónanse coa data de construción, como o Novo na Cal de Outeiro; pola propiedade, como o de Varela no mesmo lugar; ou pola súa posición no conxunto arquitectónico, como o do Medio en Estea.

O CASTRO DE ESTEA


Co nome de castros denominamos os antigos poboados fortificados da Idade do Ferro (*hillforts* no mundo anglosaxón) que se empezaron a construír en Galicia a principios do século IX a. C., durando, en moitos casos, este estilo de hábitat até a época romana, no século I d. C. Ao igual que os muíños, tamén son moi característicos da nosa paisaxe rural.

En Estea temos un bo exemplo deste tipo de xacementos co castro de Estea ou do Alto da Medoña, do que descoñecemos a súa cronoloxía exacta. Porén, se temos en conta que nas súas proximidades apareceu un acubillo con numerosos machados de bronce (27) de hai uns 3000 anos, podemos supoñer que, seguramente, se trate dun castro bastante antigo.


Nel chama a atención o seu imponente foso, que o rodea, duns 20 metros de ancho e uns 12 de profundidade, onde, xa en época histórica, se construíu unha mina de auga que o deformou parcialmente.



MUÍÑOS DE ESTEA



INFERNO DE CAL DE OUTEIRO



INTERIOR DO MUÍÑO DE CAL DE OUTEIRO




FOXO DO CASTRO DE ESTEA

CULTURA POPULAR

É tamén coñecido como Castelo de Medoña. Ao final do foxo oeste, entre o Souto de Arriba e o de Abaixo, hai unha parede granfíca da que se conta ten “un eco”. As voces resoan na parede. Neste lugar, alén da repetición sonora, era dito que había un encanto. No tempo do verán, unha muller vella saía peitearse. Isto era contado por unha muller que morreu con 81 anos a comezos dos 1990, ao seu fillo referíndose a historias contadas polos vellos da súa infancia.

PETRÓGLIFOS: OS MUIÑOS DE SOPORTE FIXO

Moi preto dos muiños de río de Estea atópanse **petróglifos**, gravados en pedra característicos destas terras do litoral sur galego e dunha tipoloxía moi especial dentro da arte rupestre galega. Sospéitase que eran usados en prácticas rituais nos que se realizarían pequenas moendas coa fin de obter pinturas, beberaxes,



RECREACIÓN DO FUNCIONAMENTO DUN MUIÑO DE SOPORTE FIXO

XACEMENTO DE CAL DE OUTEIRO

Baixo o rechán do Parque Forestal de Saiáns atópase un asentamento prehistórico duns 4.000 anos de antigüidade, a xulgar polos restos cerámicos de tipo **campaniforme** que nel se atoparon.

É pouco o que podemos dicir sobre as súas características concretas, pois os restos deste tipo de xacementos non son perceptíbeis a simple vista e precisan dunha escavación arqueolóxica para comprendelos. Aínda que é moi elocvente o tipo de emprazamento en que se agocha: un amplo rechán do monte orientado ao oeste, estratexicamente protexido entre fortes pendentes e regatos de auga fresca.



FRAGMENTO DUNHA VASILLA DE CERÁMICA CAMPANIFORME

ROTEIRO PANORÁMICO DE ARTE RUPESTRE

Desde o Parque Forestal de Saiáns, ascendendo polas pistas até o Alto da Bandeira, ademais dunha ampla panorámica sobre a bocana da ría de Vigo, podemos admirar catro mostras da nosa arte rupestre.



Os petróglifos do Outeiro do Raposo, do Alto da Bandeira e o grupo de Valgada da Fonte do Sapo pertencen á zona arqueolóxica dos montes do Maúxo, unha área moi rica neste tipo de patrimonio, que se reparte entre varias parroquias de Vigo e Nigrán.

Comunmente os arqueólogos atribúenlles unha cronoloxía entre 2500-1700 anos a.C., correspondente aos períodos culturais do Calcolítico e Bronce Inicial. Esta periodización foi establecida grazas a algunhas representacións de armas que teñen aparecido nalgúns dos nosos petróglifos, e que os investigadores identifican como propias do Calcolítico. Porén, a maior parte das veces, trátase dunha arte esquemática sen paralelos en obxectos reais recoñecíbeis e que por tanto se poidan facer corresponder cunha cultura arqueolóxica determinada.



ARMAS GRAVADAS EN AUGA DA LAXE, GONDOMAR

O seu grao de conservación é desigual, e por desgraza nos casos que imos visitar bastante precario, padecendo diversos tipos de deterioro, unhas veces por causas naturais e outras por afeccións producidas indirecta ou directamente polo ser humano.

Recomendamos non pisar a superficie das rochas con motivos, e realizar as visitas nos primeiros ou últimos momentos do día, cando os raios de sol xeran máis sombra e fan máis fácil a visión dos sucos dos gravados.

Entre os motivos representados que atoparemos destacan as combinacións circulares, os serpentiformes e os muíños de soporte fixo.

PETRÓGLIFOS

QUE SON?
Gravados feitos na rocha. A palabra está composta polos termos gregos *petra* que significa pedra, e *glifo*, que significa gravado.

COMO SE FIXERON?
 Picando directamente sobre a rocha, desbastándoa cun **percutor** de pedra máis dura, como o cuarzo ou a cuarcita.

CANDO?

PREHISTORIA	Idade de Pedra	Paleolítico
	Idade dos metais	Mesolítico
		Neolítico
	I. de Cobre	I. do Bronce
		I. do Ferro


Foron feitos durante o **Calcolítico** e a **Idade de Bronce**, entre o 2500 e o 900 a.C., por unha sociedade agrícola e gandeira que vivían en poboados de poucas cabanas.

QUE GRAVARON?

Debuxos de todo tipo: dende representacións de armas, cervos ou escenas de monta a caballo, ata combinacións circulares e deseños de cazoletas dos que descoñecemos o seu significado.

DISTRIBUCIÓN DOS PETRÓGLIFOS EN GALICIA

Galicia alberga un dos conxuntos máis importantes de arte rupestre ao aire libre da Península Ibérica. A maioría dos petróglifos están concentrados na franxa máis occidental de Galicia.



PETRÓGLIFO DA VALGADA DE FONTE DO SAPO1